



Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento nos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia, dun programa formativo de prácticas complementarias destinado ao alumnado do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia.

En Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E doutra, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro; de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ambas as dúas partes actuando coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida

EXPOÑEN

I. Que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no seu punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que podan producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

II. De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 94 f) desa mesma lei establece como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.

O artigo 125.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que a Xunta de Galicia velará pola coordinación entre os sistemas sanitario, educativo e investigador de Galicia, co fin de conseguir unha meirande adecuación da formación dos profesionais ás necesidades de saúde da poboación.

A súa vez, o artigo 126.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, dispón que as consellerías competentes en materia de educación e sanidade promoverán a revisión e mellora continuada dos programas docentes das ensinanzas relacionadas coas ciencias

da saúde, ao obxecto de conseguir a mellor adecuación da formación dos/as profesionais e as necesidades do Sistema Público de Saúde de Galicia.

III. A categoría de persoal técnico en farmacia está regulada polo Decreto 9/2010, de 21 de xaneiro, polo que se crea a categoría estatutaria de persoal técnico en farmacia no ámbito do Servizo Galego de Saúde. Exercerán as funcións correspondentes nos servizos de farmacia dos centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Unha das funcións do persoal técnico en farmacia é a de colaborar, baixo a supervisión do persoal farmacéutico, na elaboración e control de calidade das preparacións farmacéuticas, segundo os procedementos establecidos de acordo coas normas de correcta elaboración e control da calidade. Esta función precisa dunha formación práctica adecuada ás necesidades da práctica farmacéutica na realidade asistencial dos servizos de farmacia dos centros hospitalarios.

IV. Que ambas as dúas partes están de acordo en establecer as condicións para desenvolver un programa formativo complementario con actividades de farmacia hospitalaria, dirixido ao alumnado dos centros educativos, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia e que se desenvolverá en centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co exposto, as partes asinantes formalizan este acordo de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto deste acordo é establecer un marco de colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento dun programa formativo complementario, que se impartirá nos distintos centros sanitarios de Galicia e destinado ao alumnado do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia dos



centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segunda. O programa formativo consiste na realización de actividades prácticas non laborais de farmacia hospitalaria por parte do alumnado do segundo curso do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia dos centros educativos enumerados no anexo e desenvolverase nas instalacións do servizo de farmacia hospitalaria do complexo hospitalario que corresponda, segundo se detalla no anexo.

O programa formativo terá unha duración de 20 horas para cada alumno/a, realizándoo durante os 5 días laborables nunha mesma semana e en xornada de mañá.

O centro sanitario comprométese ao desenvolvemento do programa formativo que incidirá nos contidos dos módulos de Operacións básicas de laboratorio e Formulación Maxistral, concretamente sobre as seguintes materias:

- Instalacións, equipamento e normas de boa práctica de preparación de medicamentos nos servizos de farmacia dos centros hospitalarios.
- Procedementos de preparacións farmacéuticas personalizadas e listas para o seu uso, con especial atención a aquelas preparacións estériles, de medicamentos perigosos e de especial control farmacéutico.
- Control de calidade e requirimentos de xestión de riscos relacionados cos medicamentos e produtos farmacéuticos.

Terceira. Cada centro educativo, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que imparta ensinanzas de formación profesional do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia, determinará, por escrito e para cada curso escolar, co xerente da Estrutura de Xestión Integrada do centro sanitario que lle corresponda ao alumnado que vaia a realizar o programa formativo nas instalacións do servizo de farmacia do centro sanitario. Nese documento tamén se determinará o seu calendario e o seu horario.

O centro sanitario nomeará unha persoa para a coordinación e o seguimento das actividades formativas que se realicen. Así mesmo, o centro educativo tamén



designará a unha persoa que colaborará no desenvolvemento do programa formativo e no apoio ao alumnado.

O programa formativo será previamente acordado entre o centro educativo e o centro sanitario e establecerán a programación das actividades a realizar. O centro sanitario realizará o seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto co titor/a do centro educativo, á revisión da programación se fose necesario, unha vez iniciada a formación e á vista dos resultados.

Cuarta. Cada alumno/a disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado pola persoa responsable do centro sanitario en colaboración co/a titor/a do centro educativo. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas no centro sanitario, con rexistro de data e dos resultados semanais. Estes resultados semanais recolleranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cubrirá a persoa responsable do centro sanitario.

O alumnado asistirá ao centro sanitario provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I., cumprirá as disposicións vixentes sobre prevención de riscos laborais, así como a normativa interna do centro sanitario sobre condicións de seguridade.

O alumnado non terá en ningún caso vinculación laboral co centro sanitario e non percibirá do centro sanitario ningunha cantidade pola realización das actividades formativas.

Na realización das prácticas o alumnado está cuberto polo seguro escolar. Os riscos por accidentes e a responsabilidade civil, derivados da realización do programa formativo, quedan cubertos por unha póliza colectiva de seguro de accidentes e de responsabilidade civil que ten subscrita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinta. A certificación das prácticas realizarase polo centro sanitario, facendo constar o centro educativo unha dilixencia referida a estas no expediente de cada alumno/a.



Sexta. No caso de alumnado menor de idade o centro sanitario comprométese a exixir á persoa titora responsable do alumnado e, de ser o caso, aos/ás traballadores/as que vaian a ter un contacto habitual con este alumnado unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do código civil e da Lei de axuízamento civil.

Asemade, cada centro sanitario exixirá ao alumnado que realice prácticas nas súas instalacións, a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais nos mesmos termos que ao seu persoal. Correspóndelle a cada centro educativo como responsable dos estudantes en prácticas, recadar de cada alumno/a a citada certificación negativa.

Sétima. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretaria.

Oitava. O acordo entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente, de conformidade co disposto na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Novena. As persoas intervenientes neste acordo de colaboración, comprométense a cumprir o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento, así como o disposto na Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica e na Lei 3/2001, do 28 de marzo, reguladora do consentimento informado e

da historia clínica dos pacientes, garantindo en todo caso a confidencialidade dos datos persoais dos pacientes.

Na Orden SSI/81/2017, de 19 de xaneiro, publícase o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde.

Segundo o establecido no referido acordo, cada alumno/a debe de estar correctamente identificado. A dirección do centro sanitario facilitaralles un cartón identificativo que levarán nun lugar visible.

O alumnado está sometido ao deber de confidencialidade/segreto, no só durante a estancia no centro sanitario senón tamén unha vez concluída a mesma, sen que o dito deber se extinga pola defunción do/a paciente.

O deber de confidencialidade afecta tanto aos «datos íntimos» como aos datos biográficos do/a paciente e o seu contorno cuxo coñecemento por terceiras persoas poida afectar aos dereitos da persoa obxecto de tratamento.

O deber de confidencialidade /segreto non só se refire aos datos contidos na historia clínica do/a paciente sino tamén aos que se teña acceso mediante comunicación verbal, gravacións, vídeos, os contidos en calquera tipo de arquivo informático, electrónico, telemático ou rexistro público ou privado, incluíndo os referidos ao grao de discapacidade e información xenética.

O alumnado, salvo consentimento expreso do/a paciente, só poderá acceder á historia clínica previa disociación dos datos clínicos para garantir o seu anonimato, ou a historias clínicas simuladas pola persoa responsable de docencia a fin de garantir que a aprendizaxe derivada destas se realice respectando a intimidade e confidencialidade dos datos de saúde.

No momento da súa incorporación, o alumnado deberá ser informado deste acordo de colaboración e asinar un compromiso de confidencialidade segundo o modelo establecido na Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro.



Os centros disporán dun libro rexistro de alumnos en formación que cumprirá os requisitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, para a creación de ficheiros que conteñen datos persoais. No devandito rexistro envorcaranse anualmente os datos citados e a anotación relativa a que se subscribiu o compromiso individual de confidencialidade.

Décima. Son causas de resolución deste acordo de colaboración:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo de ambas as dúas partes.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva este.
- d) A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique por escrito á outra con dous meses de antelación á finalización do prazo de vixencia do acordo.

Décimo primeira. Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo regulado no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as dúas partes firman o presente acordo por cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

**O presidente do Servizo Galego de
Saúde**

D. Román Rodríguez González

D. Jesús Vázquez Almuiña



ANEXO

Relación de centros educativos que imparten o Ciclo Medio en Farmacia e Parafarmacia e o centro sanitario asignado para o desenvolvemento do programa formativo previsto para o alumnado que cursa o referido ciclo.

LOCALIDADE	CENTRO EDUCATIVO CON CICLO MEDIO EN FARMACIA E PARAFARMACIA	CENTRO SANITARIO
A Coruña	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	CHUAC
Ferrol	IES Leixa	CHUF
Santiago de Compostela	IES Lamas de Abade	CHUS
Lugo	CIFP Politécnico de Lugo	HULA
Ourense	CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel	CHOU
Pontevedra	IES Montecelo	CHOP
Redondela	IES de Chapela	CHUVI